

Boletín informativo de Biblioquiroga.

XUÑO 2019

NOVIDADES



RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA PARA O VERAN

VEN A BUSCAR O TEU LIBRO A MALETA DO
VERÁN DA BIBLIOTECA



DISFRUTA DO VERÁN CON UN LIBRO NA
TÚA MAN


ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

23 DE ABRIL "DÍA MUNDIAL DO LIBRO" Biblioquirola realizou este martes diversas actividades para conmemorar o Día Mundial do Libro. Unha foi a **lectura do "Quixote"** en varios idiomas: galego, castelán, portugués, francés, inglés, chinés, alemán, ruso, italiano e latín. Agradecemos a colaboración do alumnado e do profesorado que participou nesta lectura, xa que sen a súa participación esta

actividade non podería realizarse.



Por outra banda, na entrada do centro fíxose un mural no que se explicaba a orixe desta conmemoración e expoñíanse diferentes poemas, frases, citas de varios autores e autoras, invitando á comunidade educativa a completar este mural con outras citas, poesía, marcapaxinas ...



Outras das actividades realizadas no Mes do Libro foi a asistencia, da maior parte do alumnado do centro, a unha representación teatral "**Luces de Bohemia**" de Ramón del Valle-Inclán, na cidade de Ourense.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

Comezamos a celebración do Día das Letras Galegas, coa colocación dos carteis enviados pola Xunta. Aí tedes o enlace par ver o traballo realizado polo CLUB DE LECTURA "LIBROMANÍA".

Unha exposición de libros do autor homenaxeado, Antón Fraguas Fraguas



ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA



Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas fixemos unha exposición coas obras dos autores e autoras homenaxeados neste día, dende 1963 ata a actualidade.



O alumnado de **4º de ESO** francés intentou traducir os títulos de varias obras de Antón Fraguas, facendo unha pequena exposición con eles.

O alumnado de **1º da ESO** preparou unha pequena representación teatral, aproveitando o material doado pola Deputación de Lugo



CONCURSO PARA ELEXIR A MASCOTA OU LOGO DA NOSA BIBLIOTECA.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN AMPLÍASE ATA O 1 DE OUTUBRO DE 2019

Bibliotecas

Co gallo da celebración do día das **Letras Galegas**, invitámosvos a participar nun concurso para elixir a **mascota ou logo** da nosa biblioteca.

Se queres participar solo tes que pensar nun personaxe que lle encante vivir entre libros, vivir aventuras, que lle encante ler novela, poesía, teatro, contos, banda deseñada, ensaio... e que teña relación con noso centro ou a nosa contorna

CONCURSO LOGO/MASCOTA DE LA BIBLIOTECA

Dende Biblioquirola lanzamos un concurso para deseñar a nosa **mascota** e un **logotipo**.



<https://biblioquirola.blogspot.com>

<https://libromaniaquirola.blogspot.com>

ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

OBRADOIRO DE MARCAPÁXINAS Impartido polas
alumnas voluntarias de 4º de ESO
durante os recreos do 16 de maio.



COMO ESCRIBIR UN LIBRO, COMO ESCRIBIR "PALABRA DE BRUXA"

Andrea Barreira Freije visitou o IES de Quiroga, para falarnos da súa obra *Palabra de bruxa*.
Andrea explicoulles ao alumnado de 1º e 2º de ESO os recunchos da súa novela ao tempo
que lles falaba de como se escribe un libro.



VISITA AO MUSEO DA BANDA DESEÑADA DE BRUXELAS

onde o alumnado puido ver diferentes

técnicas para
deseñar cómic e
descubriron
diversos
persoaxes.



ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA

Desde o inicio do curso o alumnado do Club de lectura, o **Equipo de voluntariado e o Equipo da biblioteca**, en colaboración co Proxecto "Donas de si", realizou unha selección semanal de noticias de prensa nas que a figura principal fose a muller nos diferentes campos do saber. Estes artigos están recollidos e expostos nun recuncho no corredor do primeiro andar do centro, ao lado da entrada da biblioteca.



DESEXAMOS ... que a **figura da muller** sexa protagonista de novas en positivo.

LENDO AO ALUMNADO DE INFANTIL

Libromanía e dous alumnos máis de 1ª da ESO foron ler aos colexios de San Clodio e Quiroga. Agradecemos ao profesorado de ambos centros a súa acollida .



FONDOS STEAM



ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA

COMENTAMOS “A GRAN TRAVESÍA DE CHIRUCA MACALLÁS”

A gran travesía de Chiruca Macallás conta a viaxe dun barco que parte para o Gran Sol ao



mando dunha muller,
dona dun poderoso
universo, que nos
revela unha historia de
superación.



ENTREVISTA A ANDREA BARREIRA FREIJE

Aproveitando a visita de Andrea Barreira ao IES Libromanía aproveitou para facerlle unhas preguntas sobre o libro “Palabra de Bruxa” e outras inquiredanzas



COMENTAMOS “OS NENOS DA VARIOLA”

Baseada numa história real, conta a história de 22 meninos que levaram a vacina da varíola à América acompanhados do doutor Balmis e Isabel Zendal.

